

CIENCIAS SOCIAIS 1

LEMBRA o que xa aprendemos:

- 1** Que elementos ves nesta paisaxe? Escribe os seus nomes.






Elementos naturais ►

Elementos construídos ►

- 2** Le e numera segundo corresponda.

1. Nesta paisaxe o terreo é principalmente chan, con algúns outeiros e lombas. Nel adoitan construirse vilas e cidades.
2. Esta paisaxe encóntrase xunto ao mar. Adoita ter moitos habitantes, e nela hai praias e acantilados, cabos e illas.
3. As montañas son o elemento principal desta paisaxe; nela hai poucos habitantes e pódense ver vales, mesetas e bosques.



COMPROBA o que fixeches:

- 1 Que elementos ves nesta paisaxe? Escribe os seus nomes.






Elementos naturais ► montañas, río.

Elementos construídos ► vila, estrada, ponte.

- 2 Le e numera segundo corresponda.

1. Nesta paisaxe o terreo é principalmente chan, con algúns outeiros e lombas. Nel adoitan construírse vilas e cidades.
2. Esta paisaxe encóntrase xunto ao mar. Adoita ter moitos habitantes, e nela hai praias e acantilados, cabos e illas.
3. As montañas son o elemento principal desta paisaxe; nela hai poucos habitantes e pódense ver vales, mesetas e bosques.



CIENCIAS SOCIAIS 2

Seguimos repasando aspectos das paisaxes:

- 2 Observa e completa.



► Unha montaña é



► Unha serra é

3 Observa e une.

meseta



- Terreo chan situado entre montañas.

val



- Chaira extensa situada a bastante altura.

outeiro



- Pequeno monte de formas suaves e onduladas.

4 Debuxa e rotula as palabras destacadas.

- Un bosque na ladeira.
- Un castelo na cima.
- Unha casa no pé.

Intelixencia
espacial



COMPROBA o que fixeche:

2 Observa e completa.



Unha montaña é unha grande elevación do terreo.



Unha serra é unha agrupación de montañas.

3 Observa e une.



■ Terreo chan situado entre montañas.




■ Chaira extensa situada a bastante altura.



■ Pequeno monte de formas suaves e onduladas.

4 Debuxa e rotula as palabras destacadas.

- Un bosque na ladeira.
- Un castelo na cima.
- Unha casa no pé.



Fonte: Editorial Santillana

Segue a repasar as paisaxes de montaña copiando o seguinte enlace e vendo o vídeo atentamente.

ENLACE: <https://www.youtube.com/watch?v=QZsLWPVgB1c>

CIENCIAS SOCIAIS 3

Le atentamente a seguinte información e observa as fotografías. Nelas descubrirás e repasarás elementos que podes atopar nunha paisaxe de costa.

As paisaxes de costa

A costa é a parte da terra que está preto do mar. Cando a costa é chá, adoita ter amplas **praías** de area. Pola contra, nas zonas de costa onde as montañas chegan ata o mar hai altos **acantilados** de rocha.



Outros elementos da paisaxe costeira son os cabos e as illas.

Un **cabo** é unha ampla porción de terra que entra no mar.

Unha **illa** é unha extensión de terra completamente rodeada polo mar.

Despois de ler atentamente intenta facer as seguintes actividades.
LEMBRA que as podes facer un caderno.

2 Escribe V (verdadeiro) ou F (falso).

- As paisaxes de costa son paisaxes de interior.
- A costa sempre é chá e areenta.
- As illas están completamente rodeadas de auga.
- Un acantilado é unha zona alta e rochosa que está xunto ao mar.
- Na costa viven máis persoas ca nas montañas.

3 Observa e une.



acantilado



faro

cabo



porto



Intelix
lingü



4 A que construcción da costa nos referimos en cada caso? Escribe.

A súa luz serve para guiar os barcos durante a noite.



Lugar onde atracan os barcos para cargar e descargar mercadorías.



Fonte: Editorial Santillana

COMPROBA o que fixeches:

2 Escribe V (verdadeiro) ou F (falso).

F

As paisaxes de costa son paisaxes de interior.

F

A costa sempre é chá e areenta.

V

As illas están completamente rodeadas de auga.

V

Un acantilado é unha zona alta e rochosa que está xunto ao mar.

V

Na costa viven más persoas ca nas montañas.

3 Observa e une.



acantilado

faro

cabo

porto



Intelixencia
lingüística

4 A que construcción da costa nos referimos en cada caso? Escribe.

A súa luz serve para guiar os barcos durante a noite.

► faro

Lugar onde atracan os barcos para cargar e descargar mercadorías.

► puerto